



- A conservación e rehabilitación das edificacións e construcións existentes, así como do patrimonio arqueolóxico, mediante a asignación de niveis en concordancia co establecido na LPCG e a realización de estudos e prospeccións necesarios para establecer unha zonificación arqueolóxica.
 - A catalogación dos elementos arbóreos e vexetais que o caracterizan.
 - A análise de mobilidade no interior do ámbito.
4. En tanto non se aprobe o presente Plan Especial só se autorizan actuacións de conservación e mantemento na edificación existente non catalogadas e as obras de acondicionamento do espazo público co obxecto de manter a súa funcionalidade, limitándose a obras de mantemento e conservación.
3. **PE. 201 Plan Especial de Protección do Barrio Histórico de Canadelo.**
1. O Plan Especial desenvólvese no ámbito do solo urbano de Canadelo, delimitado en planos de ordenación.
 2. O Plan Especial terá o carácter de Plan Especial de Protección conforme ao establecido nos arts. 70 e 71 LSG, co obxecto de pormenorizar a súa ordenación urbanística, cara á mellora do ambiente urbano e a accesibilidade, e establecendo a regulación das súas determinacións coherentes co seu carácter.
 3. O Plan Especial, de acordo co establecido no artigo 71.2 LSG poderá delimitar áreas de repartición, cunha edificabilidade máxima sobre superficie total da área, de $0,65 \text{ m}^2/\text{m}^2$, co obxecto de mellorar e completar a estrutura urbana existente mediante remodelacións urbanas, garantindo o seu reequipamento dotacional e de espazos libres.
 4. Serán obxectivos xerais deste Plan Especial:
 - A mellora das condicións ambientais e dos servizos á poboación, así como da urbanización superficial e das infraestruturas urbanísticas con atención ás singulares características do seu viario.
 - A conservación, valoración e recuperación do patrimonio cultural de interese, coa catalogación individualizada dos elementos a protexer.
 - A definición da silueta urbana e da volumetría do núcleo, así como a mellora das condicións paisaxísticas e ambientais do contorno do núcleo, tendo en conta a fragmentación producida polo paso da vía do ferrocarril.
 - A rehabilitación dos edificios e das vivendas e a rexeneración do espazo público do ámbito, mellorando as súas condicións, no marco dos programas de rehabilitación urbana.



5. Para os efectos da regulación urbanística estarase ao establecido na ordenanza de solo urbano U.6, en canto a tipos edificatorios e regulación de usos.
6. Transitoriamente, en tanto non se aprobe o Plan Especial poderanse autorizar actuacións de consolidación e conservación, rehabilitación e reestruturación, así como actuacións de ampliación na edificación existente e nova edificación sobre parcela baleira, neste último caso sempre que esta conte con acceso e fronte a viario público con sección maior ou igual a 4 metros. Non se autorizan obras de demolición agás previa declaración de ruína.

A nova edificación completará as fileiras xa edificadas establecéndose como parámetros unha edificabilidade de 1 m²/m² e unha altura máxima de baixo e unha planta. No caso de ampliación da edificación principal existente permitirase completala ata a altura máxima establecida en baixo e unha planta, mantendo a súa actual ocupación.

A nova edificación deberá respectar o arboredo existente, integrando os muros pétreos da fronte da parcela.

7. Estarase ao establecido no artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia respecto da obriga de recabar con carácter previo á súa aprobación informe da administración competente na materia.
4. PE. 202 Plan Especial de Protección de Barrio Ribadavia.
1. O Plan Especial desenvólvese no ámbito do solo urbano do Barrio Ribadavia, delimitado en planos de ordenación.
 2. O Plan Especial terá o carácter de Plan Especial de Protección conforme ao establecido nos artigos 70 e 71 da LSG, co obxecto de pormenorizar a súa ordenación urbanística, cara á mellora do ambiente urbano e a accesibilidade, e establecendo a regulación das súas determinacións coherentes co seu carácter.
 3. O Plan Especial, de acordo co establecido no artigo 71.2 LSG poderá delimitar áreas de repartición, cunha edificabilidade máxima sobre superficie total da área, de 0,80 m²/m², co obxecto de mellorar e completar a estrutura urbana existente mediante remodelacións urbanas, garantindo o seu reequipamento dotacional e de espazos libres.
 4. Será obxectivo xeral deste Plan Especial; a mellora das condicións ambientais e dos servizos á poboación, así como a mellora da urbanización superficial e das infraestruturas urbanísticas, con atención ás singulares características do seu viario,